

Resolución reitoral do 28/06/2022 pola que se modifica a Resolución do 06/02/2009 sobre os trámites económico-administrativos en materia de contratación laboral con cargo a créditos do capítulo VI de gastos dos orzamentos da Universidade da Coruña

A Resolución reitoral do 06/02/2009, modificada en xuño de 2009, resultou unha ferramenta esencial na tramitación dos expedientes de contratación laboral vinculados a proxectos/programas/axudas de investigación.

A reforma normativa operada polo Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, ao modificar o Estatuto dos Traballadores, xunto coa normativa europea e os criterios que presiden o OTM-R do selo HRS4R, evidenciaron a necesidade de adaptar a normativa da Universidade.

O Consello de Goberno da Universidade aprobou, na súa sesión do 28/04/2022, a Normativa para a regulación da contratación de persoal laboral de capítulo VI con cargo a proxectos, axudas, e convenios de investigación e transferencia de coñecemento. A dita normativa establece un procedemento que permite a selección dese persoal en réxime de concorrencia competitiva, garantindo nos ditos procesos a necesaria publicidade e transparencia e con sometemento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

A aprobación desa normativa fai necesario adecuar os trámites e mesmo as fases previstas na Resolución reitoral do 06/02/2009 ao novo procedemento.

Por todo isto **RESOLVO**,

Artigo 1. Modificar a Resolución do 06/02/2009 sobre trámites económico administrativos en materia de contratación laboral con cargo a créditos do capítulo VI de gastos dos orzamentos da Universidade da Coruña.

Un. Modifícase o apartado I “Financiamento”, que queda redactado como segue:

A existencia de crédito adecuado e suficiente no estado de gastos do orzamento da Universidade da Coruña é requisito imprescindible e previo para o inicio do procedemento, para tal fin, achegarse, dacordo a Normativa para a regulación da contratación de persoal laboral de capítulo VI con cargo a proxectos, axudas, e convenios de investigación e transferencia de coñecemento aprobada por Acordo do Consello de Goberno do 28/04/2022, a correspondente retención de crédito. Ademais, deberá achegar o informe da calculadora de contratos <https://rede.udc.es/calculadoraContratos/CalcularContrato>.

Dous. Modifícase o apartado II “Selección de persoal”, que queda redactado como segue:

A selección de persoal axustarase ás previsións contidas na Normativa para a regulación da contratación de persoal laboral de capítulo VI con cargo a proxectos, axudas, e convenios de investigación e transferencia de coñecemento aprobada por Acordo do Consello de Goberno do 28/04/2022.

As seleccións quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da UDC, dentro do proxecto/programa/axuda de referencia durante a totalidade do período da contratación.

O/A responsable da actividade deberá achegar a seguinte documentación:

1. Documentación xustificativa da concesión da axuda, convenio etc. que ampare esta contratación e na que deberá indicarse o importe, as anualidades que comprende e a vixencia e desagregación por conceptos.

Tres. Modifícase o apartado III “Solicitud de contratación”, que queda redactado como segue:

Satisfeitos todos os requisitos referidos ao financiamento e á selección, e cunha antelación mínima de 20 días á data prevista de contratación, o/a responsable da actividade que determine iniciar o trámite sobre a necesidade de contratación de persoal laboral deberá remitir a seguinte documentación ao Servizo de Investigación:

1. Copia das actuacións realizadas pola comisión de selección en relación coa convocatoria de referencia.
2. Solicitud de contratación e datos para formalizar o contrato de traballo (ANEXO IV, con todos os documentos que indica).

Catro. Modifícase o apartado V “Formalización administrativa da contratación”, que queda redactado como segue:

1. Modalidade de contratación. A vinculación coa Universidade da Coruña establecerase mediante un contrato laboral de duración indefinida ou determinada segundo a modalidade contractual que legalmente proceda.
2. Formalización contractual. O contrato remitirase, para a súa fiscalización conxunta, co documento contable AD. Esta fiscalización terá carácter de urxencia e realizarase nun prazo máximo de 5 días.

Unha vez fiscalizado o compromiso económico e o contrato, o servizo xestor tramitará o contrato laboral segundo os seguintes pasos:

- Remisión ao Servizo de Retribucións e Acción Social da información necesaria para a súa inclusión en nómina. Esta remisión terá que realizarse cunha antelación mínima dun día á data en que teña que acreditarse a alta ou variación correspondente. Caso de tramitar 10 ou máis altas ou modificacións, o período de antelación será de 3 días.
 - Remisión á autoridade laboral competente para o seu rexistro.
 - Envío dun exemplar ao/á traballador/a ao seu posto de traballo.
 - Envío dunha copia compulsada do contrato á persoa responsable que solicitou a contratación.
3. Extinción do contrato. Cunha antelación mínima de 15 días á extinción do contrato, o servizo xestor notificaralle á persoa traballadora a data de finalización do contrato con indicación razoada da causa que motiva a extinción. O dito servizo remitirá unha copia da dita notificación á persoa investigadora principal responsable da contratación. No expediente deberá figurar a documentación acreditativa das notificacións practicadas e da súa recepción.
 4. Modificación contractual, prórroga e cesamento anticipado. Sempre que a acción que serviu de base para a contratación continúe vixente e exista crédito adecuado e suficiente, o/a responsable da actividade deberalle comunicar ao servizo xestor, cunha antelación de 20 días, calquera incidencia ou modificación que puidese afectar á execución ou desenvolvemento do contrato (prórroga, cesamento anticipado, remate do contrato etc.).
 5. Datas de formalización. Para os efectos de facilitar a xestión administrativa das altas en nómina e na Seguridade Social, os contratos formalizaranse exclusivamente os días 1 e 16 de cada mes.

Cinco. Modifícase o anexo III "Convocatoria de contratación":

ANEXO III

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda:		
Título:		
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos:		
PERÍODO AXUDA:	INICIO:	FIN:
CENTRO Inv. Principal:		
OBJECTO DO CONTRATO:		
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.		
LUGAR E HORARIO:		
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL:		
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)		
Investigador/a asociado/a <input type="checkbox"/>	Investigador/a en formación <input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Técnico/a administrativo/a <input type="checkbox"/>	Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/>	
XORNADA	Tempo Completo: <input type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>
TIPO DE CONTRATO: Indefinido <input type="checkbox"/>		Duración determinada <input type="checkbox"/>
		DATA APROX. INICIO CONTRATO:
		DATA FIN CONTRATO:
RETRIBUCIÓN BRUTAS :		
PARTIDA ORZAMENTARIA:		

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN:
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC. Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes):
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

A Coruña/Ferrol, de de
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.:

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Seis. Modifícase o anexo IV "Solicitud de contratación":

ANEXO IV

SOLICITUDE DE CONTRATACIÓN

RESPONSABLE DA ACTIVIDADE

Nome e Apelidos:	
Tel./Ext.:	E-mail contacto:
Proxecto/Axuda/Convenio:	
Aplicación Orzamentaria:	

PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Nº DE PUBLICACIÓN WEB:		
Período	Data inicio:	Remate da actividade ou do orzamento:
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)		
Investigador/a asociado/a	<input type="checkbox"/>	Investigador/a en formación <input type="checkbox"/>
Técnico/a de apoio á investigación	<input type="checkbox"/>	Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>
Técnico/a administrativo/a	<input type="checkbox"/>	Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/>
Xornada	Tempo completo: <input type="checkbox"/>	Tempo parcial: <input type="checkbox"/>
Centro de traballo:		Horario:
Retribución mensual bruta:		

DATOS DO/A TRABALLADOR/A:

Nome e apelidos do/a traballador/a:		NIF / NIE:
Enderezo contacto:		Teléfono:
E-mail:		
Nº afiliación S.S.:	Data de nacemento:	Titulación:

OBSERVACIÓNS

--

A Coruña/Ferrol, de de

O/A INVESTIGADOR/A

Asdo.:

Documentación do/a traballador/a:

1. NIF / NIE (copia cotexada).
2. Título académico (copia cotexada).
3. Xustificante do nº da Seguridade Social e certificado do nº de conta bancaria (só si é o seu primeiro contrato).
4. Declaración de non estar afectado de incompatibilidade MODELO V (asinado con data de inicio de contrato).

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Disposición derradeira. Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.